



DATOS IDENTIFICATIVOS

Traducción científico-técnica idioma 1: Francés-Español

Materia	Traducción científico-técnica idioma 1: Francés-Español			
Código	V01G230V01921			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Castelán Francés Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Fernandez Pintelos, Maria Jose			
Profesorado	Fernandez Pintelos, Maria Jose			
Correo-e	mjpintelos@uvigo.es			
Web	http://webs.uvigo.es/mjpintelos/			
Descrición xeral	(*)La asignatura está orientada a un alumnado que se inicia en el campo de la traducción de textos científicos y técnicos. Se pretende que el alumnado desarrolle la capacidad de traducir profesionalmente este tipo de textos pertenecientes a diversos géneros textuales, ámbitos y grados de especialización. Se fomentará, para ello, el conocimiento de las estrategias y herramientas necesarias para detectar, analizar y resolver problemas de traducción con un grado significativo de autonomía. La direccionalidad del trabajo de traducción será 50% directa y 50% inversa.			

Competencias de titulación

Código	
A2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
A4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
A5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada
A7	Dominio de técnicas de tradución asistida/localización
A8	Destreza para a procura de información/documentación
A10	Capacidade de traballo en equipo
A14	Dominio de ferramentas informáticas
A17	Capacidade de tomar decisións
A18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
A21	Rigor e seriedade no traballo
A22	Destrezas de tradución
A23	Uso de ferramentas de tradución asistida
A24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
A26	Coñecementos temáticos básicos de cada unha das especializacións
A27	Capacidade de razoamento crítico
A31	Coñecementos de informática profesional e TAC
B4	Resolución de problemas
B5	Coñecementos de informática aplicada
B6	Capacidade de xestión da información
B7	Toma de decisións
B9	Razoamento crítico
B12	Traballo en equipo
B16	Adaptación a novas situacións
B22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
B23	Capacidade de traballo individual

Competencias de materia		
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
(*)Adquirir coñecementos sobre as características fundamentais dos xéneros textuais máis relevantes do ámbito científico-técnico.	A4 A8 A18 A26 A27	B6 B9 B16 B23
(*)Adquirir coñecementos sobre a terminoloxía e a morfosintaxe propias do discurso científico-técnico.	A4 A5 A7 A8 A14 A17 A18 A22 A23 A24 A31	B4 B5 B6 B7 B9 B12 B16
(*)Desenvolve-la capacidade de recoñecer no texto de partida aqueles termos, estruturas, trazos textuais ou culturais que se revelarán problemáticos á hora de realiza-la tradución.	A2 A4 A5 A8 A18 A22 A26 A27	B4 B5 B6 B7 B9 B22 B23
(*)Fomenta-la capacidade de detectar, analizar e resolver dificultades traductolóxicas e aplica-las estratexias precisas no marco dun texto científico-técnico.	A4 A5 A8 A10 A17 A21 A22	B4 B6 B7 B9 B23
(*)Coñece-los recursos terminolóxicos e documentais máis utilizados no ámbito da tradución científico-técnica para solucionar-las dificultades atopadas durante o proceso tradutivo.	A4 A5 A7 A8 A10 A14 A17 A18 A22 A23 A31	B5 B6 B9 B12 B22 B23

Contidos

Tema	
(*) 1. Introducción ó discurso científico-técnico	(*)1.1. Características do discurso científico-técnico. Diferenciación entre tradución científica e técnica. Principais características lingüísticas dos textos científico-técnicos 1.2. Competencias do tradutor científico-técnico: Coñecementos sobre o campo temático, utilización correcta da terminoloxía especializada, competencia nos xéneros característicos e capacidade para documentarse 1.3. Terminoloxía e fraseoloxía. O termo no texto especializado. Estructuras terminolóxicas 1.4. Xéneros tesxtuais. Concepto de xénero. Tipoloxía de textos médicos e técnicos
(*)2. Recursos e fontes documentais	(*)2.1. Adquisición de coñecementos sobre o campo temático 2.2. Procura de terminoloxía e fraseoloxía específicas 2.3. Ferramentas de documentación para o tradutor científico-técnico: dicionarios, glosarios, bancos de datos, corpora, tesauros, documentación científico-técnica

(*)3. Práctica da tradución científico-técnica

(*)3.1. Etapas da elaboración dunha tradución científico-técnica.Principais dificultades da tradución científico-técnica
3.2. Tradución de textos científico-técnicos de distintos xéneros textuais: xéneros educativos (manual, artigo de revista divulgativa, enciclopedia etc.), documentos publicitarios, documentos industriais externos (manual de instrucións, prospecto, descrición técnica, etc.),documentos de investigación (artigo de investigación, resumo de artigo científico etc.)
3.3. Revisión e corrección de traducións científico-técnicas
3.4. Mercado laboral da tradución técnica e científica. Situación e requirimentos profesionais

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1.5	0	1.5
Sesión maxistral	10	20	30
Traballos de aula	35	59	94
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	1.5	13	14.5
Traballos e proxectos	0	10	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	(*)Sesión presencial na que se presentan os contidos da materia, a metodoloxía seguida, así como os obxectivos que se pretenden alcanzar e o sistema de avaliación que se utilizará.
Sesión maxistral	(*)Exposición dos contidos teóricos da materia por parte da docente e exemplificación práctica.
Traballos de aula	(*)Traballos tutelados, en grupo ou de forma individual, en condicións controladas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos de aula	Prestarase unha atención personalizada ó alumnado tanto en clase como fóra da aula de forma presencial e, por motivos xustificadas, de forma telemática. Para facilita-lo seguimento do curso, utilizarase a plataforma TEMA (http://faitic.uvigo.es)
Probas	Descrición
Traballos e proxectos	

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	A avaliación das sesións maxistras permitirá coñecer-la competencia do alumno no tocante ós conceptos teóricos da materia.	10
	Poderase avalia-lo alumnado, ben mediante un exame ben mediante unha encomenda teórica. O alumnado desenvolverá os contidos teóricos en castelán.	
Traballos de aula	Estes traballos incluírán traducións realizadas na aula, traducións preparadas con anterioridade e corrixidas na aula e exercicios con diversos textos. Terase en conta a participación activa nas clases e poderanse recoller traballos para a súa corrección e avaliación.	10
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Realizaranse dúas probas de tradución na aula con tempo limitado (2 horas cada proba) cuxo calendario será establecido unha vez iniciado o curso. Unha das probas será de tradución directa e outra de tradución inversa.	40
Traballos e proxectos	O alumno deberá entregar dúas encomendas de tradución que recollerán as especificidades das traducións traballadas na materia.	40

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para poder segui-lo sistema de avaliación continua, o alumno deberá asistir polo menos ó 80% das horas presenciais e presentar tódolos traballos suxeitos a avaliación nos prazos e condicións establecidos.

O alumno que se acolla á avaliación continua e obteña unha cualificación de suspenso deberá presentarse á convocatoria extraordinaria de xullo ou sucesivas. O exame constará de:

- unha parte de tradución con tempo limitado (2 horas): 60% da nota

*Como apoio poderase usar documentación en papel, como manuais e dicionarios, pero non o ordenador.

- unha encomenda de tradución que o alumno recibirá o día oficial do exame e que deberá entregar segundo o prazo e as condicións especificadas na encomenda: 40% da nota

Será preciso aprobar cada unha das partes para poder facer media.

CONVOCATORIA ORDINARIA OFICIAL DE XUÑO E CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA OFICIAL DE XULLO

O alumno que non se acolla á avaliación continua deberá presentarse nas penúltima sesión presencial da materia a unha proba que constará de:

- unha parte de tradución con tempo limitado (2 horas): 50% da nota

*Como apoio poderase usar documentación en papel, como manuais e dicionarios, pero non o ordenador.

- unha encomenda de tradución que recibirá o alumnado o día do exame oficial e que deberá entregar segundo os prazos e as condicións especificadas: 40% da nota

- unha parte teórica: 10% da nota

Será preciso aprobar cada unha das partes para poder facer media.

A data e as condicións do exame comunicaránselle tamén ó alumnado mediante Faitic.

Na convocatoria extraordinaria de xullo a avaliación realizarase da mesma forma que na convocatoria ordinaria oficial de xuño.

O plaxio de calquera exercicio verase penalizado cun suspenso na materia.

Bibliografía. Fontes de información

Alcina Caudet, A. y S. Gamero Pérez (eds.), **La traducción científico-técnica y la terminología en la sociedad de la información**, 2002,

Cabré, T. y Feliu, J. (eds.), **La terminología científico-técnica: reconocimiento, análisis y extracción de información formal y semántica**, 2001,

De l'Homme, M.-C., **La terminologie : principes et techniques**, 2004,

Gamero Pérez, S., **La traducción de textos técnicos**, 2001,

Gutiérrez Rodilla, B., **La ciencia empieza en la palabra. Análisis e historia del lenguaje científico**, 1998,

Gutiérrez Rodilla, B., **El lenguaje de las ciencias**, 2005,

Gonzalo, C. y V. García (eds.), **Documentación, Terminología y Traducción**, 2002,

Kocourek, R., **La langue française de la technique et de la science**, 1991,

Maillot, J., **La traducción científica y técnica**, 1997,

Martínez de Sousa, J., **Ortografía y ortografía del español actual**, 2004,

Montalt i Resurrecció, V., **Manual de traducción científico-técnica**, 2005,

Muñoz Torres, C.A., **"Hacia una tipología de géneros médicos inglés-español"**, 2003,

Vivanco Cervero, V., **El español de la ciencia y la tecnología**, 2006,

Nota: completarse a bibliografía en clase e os alumnos deberán tamén consultar os fondos da biblioteca e outras fontes.

A obra de S. Gamero Pérez *La traducción de textos técnicos* considerárase lectura obrigatoria nos termos establecidos na clase e a súa análise avaliarase dentro da parte teórica.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua A1, II: Introducción ás linguas de especialización: Español/V01G230V01302

Lingua A2, II: Introducción ás linguas de especialización: Español/V01G230V01402

Introducción aos ámbitos de especialización para a tradución e a interpretación e aspectos profesionais da tradución/V01G230V01621

Outros comentarios

Requírese un nivel de francés B2.